

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 21/11/1961

Colección:

Data: 21/11/1961

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orix:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Política; SEU;

Mencionados:

Rafael Dieste; Ánxel Fole; Edgardo Kleinman; Susana Kleinman; Carmen Muñoz Manzano; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 21/11/1961

Compostela, 21-XI-61

Sr. D. Luis Seoane
B. Aires

Benquerido Luis:

Os teus amigos Susana i-Edgardo Kleinman estiveron por eiquí recentemente. Pararon pouco –dia e medio– en Compostela. Adiqueilles todo o tempo que puiden e presenteilles xente nova. Coido que marcharon ledos. Lémbrome que, mentres viñamos subindo do Sar, iles comentaron as impresións eiquí recollidas no senso de que confirmaran o que tí lles tiñas anunciado. As preocupacións diles xa as conoces de sobra, así que nada preciso decirche. Agora andarán polos medios cinematográficos de Madrí.

Haberá cousa dun mes, conocín persoalmente a Rafael Dieste. Parolamos longamente e paseamos de noite polas rúas e plazas de Compostela. É home simpático, intelixente e cordial, tres cualidás que poucas veces se dan xuntas no mesmo grado. Está en Rianxo, polo que se bota de ver, bastante feliz de estar alí. Tamén a sua dona é moi simpática. Alegreime de os conocer.

Eiquí os estudantes pediron a través do SEU a creación dunha cátedra de língoa galega. Sumáronse os de todas Facultás.

Xa sabes que eleixiron recentemente a Ánxel Fole académico numerario da Galega. Está moi ledo. Recibiu moitas felicitacións i en Lugo foi acollida a elección con viva simpatía.

Moitos saúdos nosos a Maruxa e de Isabel pra tí. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.